

SISTEMA:

Otorgar unha puntuación a cada expediente en razón directa ó grao de necesidade estimado, mediante a avaliación acumulada dos factores seguintes:

1) Situación sociofamiliar:

A comisión de Valoración e Resolución do centro valorará as circunstancias baseándose no informe social presentado, e segundo os seguintes criterios e de forma excluínte:

- 1.—Persoa que vive soa sen ningún apoio: 30 puntos.
- 2.—Persoa que vive soa con apoio externo: 20 puntos.
- 3.—Persoa que vive con familiares que non poden atendelo: 20 puntos.
- 4.—Persoa que vive soa con apoio familiar: 15 puntos
- 5.—Persoa que vive con familiares e recibe apoio: 10 puntos

2) Situación de dependencia e necesidades de coidado, baseado no baremo aplicado polos servizos do Centro, relativo á capacidade funcional e cognitiva do usuario:

Baseándose nos informes médicos presentados ou nos complementarios que a comisión de Valoración e Resolución considere oportunos, esta poderá asignar ata un máximo de 20 puntos.

3) Situación económica:

Ata un máximo de 30 puntos, baseándose nos seguintes criterios:

- Persoa con renda per cápita igual ou inferior á pensión non contributiva vixente, 30 puntos.
- Por cada tramo de 30 € per cápita por enriba desta cantidade restaranse 2 puntos.

4) Outras circunstancias:

Múltiple casuística que, debidamente xustificada, redunde na oportunidade do servizo ata un máximo de 20 puntos.

No suposto de igual puntuación, terá preferencia o usuario de maior idade.

Sanxenxo, a 28 de Setembro de 2012.— A Alcaldesa, Catalina González Bea.

2012009250

* * *

SILLEDA**A N U N C I O**

Transcurrido o prazo de trinta días hábiles dende a publicación no B.O. da Provincia nº 153 de data 09 de agosto de 2012 do anuncio relativo a aprobación inicial da “Ordenanza Marco Reguladora do Comercio Ambulante no Concello de Silleda”, e unha vez resoltas as alegacións presentadas polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 27 de setembro de 2012, procedéndose, de conformidade co determinado no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a súa publicación íntegra, que é do tener literal seguinte:

ORDENANZA MARCO REGULADORA DO COMERCIO AMBULANTE NO CONCELLO DE SILLEDA**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O obxectivo desta Ordenanza é dotar dun marco aos profesionais desta actividade, protexendo á vez aos consumidores e usuarios dentro do ámbito de competencias das entidades locais. A presente Ordenanza é de aplicación no marco do Real Decreto 199/2012, de 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante en España e da Lei 13/2012, de 17 de setembro do comercio interior de Galicia polo que se regula, no seu Título V. Capítulo V, o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria na Comunidade de Galicia.

CAPÍTULO 1: DISPOSICIÓN XERAIS*ARTIGO 1 OBXECTO*

A presente ordenanza ten por obxecto regular con carácter xeral o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria que se realiza por comerciantes, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, fóra do establecemento comercial permanente con instalacións desmontables, transportables ou móbiles en lugares e datas previamente autorizados no termo municipal.

A venda directa exercida por parte dos agricultores de produción propia sen transferencia, cuxo produto final estea incluído no anexo I do artigo 18 do Tratado de funcionamento da UE terá a consideración de actividade agraria e se rexerá pola súa propia normativa”

ARTIGO 2 MODALIDADES DE VENDA

O comercio non sedentario ou non ambulante poderá exercitarse nalgunha das seguintes modalidades:

- a) Venda ambulante en mercadillos periódicos (Feira tradicional)
- b) Comercio ambulante illado na vía pública.

Dentro das dúas modalidades anteriores terán especial consideración aqueles postos que teñan ou poidan obter o recoñecemento de "posto tradicional", definíndose o mesmo como aquel que leve instalándose de forma ininterrompida os últimos cinco anos na mesma ubicación, o que se acreditará mediante calquera medio de proba admisible en dereito. Asemesmo, dentro do concepto de "posto tradicional" terán especial consideración as polbeiras que cumpran os requisitos para tal recoñecemento, dada a singularidade de esta modalidade de venda, pola súa tradición histórica na comarca, que sen dúbida, forma parte da idiosincrasia de Silleda, sendo un signo identificativo do Concello

- c) Venda ambulante e camións tenda.

Do mesmo xeito, dentro de esta modalidade terá especial consideración a venda ambulante en camións tenda tradicional, que é a modalidade definida no artigo 28 da presente ordenanza, pero coa particularidade de que se teña exercido de modo ininterrompido durante os últimos cinco anos, o que se acreditará mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

O tratamento especial tanto dos postos tradicionais como das polbeiras que teñan a consideración de postos tradicionais, así como da venda ambulante en camións tenda tradicional verase reflectido na ordenanza fiscal reguladora da Taxa por Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial da Vía Pública con Postos, Barracas, Casetas de Vendas, Espectáculos, Atraccións ou Recreo, Industrias nas rúas e Ambulantes, así como rodaxes cinematográficas e eventos ou actividades con fin cultural sen fin de lucro e gravacións con proveito comercial ou publicitario”

Quedan excluídos da presente ordenanza os postos autorizados na vía pública de carácter fixo e estable que se rexerán pola súa normativa específica.

ARTIGO 3 EMPRAZAMENTO

Corresponde ao concello de Silleda, a determinación tanto da superficie de venda dos mercadillos como do número e superficie dos postos, así como a ubicación dos postos illados para o exercicio da venda ambulante, que en ningún caso poderán interferir na circulación, nin provocar molestias aos usuarios da vía na que se instale, e debéndose garantir en todo caso a Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

O concello poderá variar o emprazamento habitual cando por razóns de interese público ou outras debidamente motivadas así o aconsellen sen que xeren dereito a indemnización algunha

Excepcionalmente permitirase a venda ambulante para algún evento puntual, previa autorización.

ARTIGO 4 SUXEITOS

O comercio ambulante poderá exercerse por toda persoa física ou xurídica que se dedique á actividade do comercio polo miúdo e reúna os requisitos esixidos na presente ordenanza e outros que segundo a normativa fóselles de aplicación.

ARTIGO 5 RÉXIME ECONÓMICO

O concello poderá fixar as taxas correspondentes pola utilización privativa ou aproveitamento especial do solo público nas distintas modalidades de venda ambulante, actualizando anualmente a contía. A estes efectos terase en conta os gastos de conservación e mantemento das infraestruturas afectadas.

CAPÍTULO 2: RÉXIME DE AUTORIZACIÓN DE COMERCIO AMBULANTE**ARTIGO 6 AUTORIZACIÓN**

O exercicio das actividades do comercio ambulante requirirá a previa obtención da correspondente autorización municipal conforme ao procedemento de otorgamento recollido na presente ordenanza.

Sen menoscabo de esta autorización e antes do inicio da actividade deberán devengar as taxas por ocupación de vía pública determinada na Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial da Vía Pública con Postos, Barracas, Casetas de Vendas, Espectáculos, Atraccións ou Recreo Industriais nas rúas e Ambulantes, así como rodaxes cinematográficas e actos ou actividades con fin cultural sen fin de lucro e gravacións con proveito comercial ou publicitario"

ARTIGO 7 TIPO E DURACIÓN DA AUTORIZACIÓN

A autorización que se conceda é transmisíbel, sen que esta circunstancia afecte ao período de vixencia da mesma. Poderá exercer a actividade comercial ambulante en nome do titular da autorización o cónxuxe ou persoa unida a este en análoga relación de afectividade, fillos e empregados con contrato de traballo e dados de alta na Seguridade Social.

Cando o exercicio corresponda a unha persoa xurídica, se baixo unha mesma titularidade opera máis dunha persoa física, deberá existir unha relación contractual, ou ben unha relación de servizos documentalmente xustificable entre o titular e a persoa que leve para ese efecto a actividade comercial.

As autorizacións outorgaríanse por tempo determinado, sendo o seu prazo máximo de duración 5 anos prorrogables de forma expresa por idénticos períodos para permitir ao titular a amortización dos investimentos directamente relacionados coa actividade e unha remuneración equitativa dos capitais investidos.

Nos casos en que se autorice o comercio en espazos de celebración de festas populares a autorización limitarase ao período de duración das mesmas.

O titular da autorización e as persoas que traballen no posto en relación coa actividade comercial, estarán obrigados ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Estar dado de alta no epígrafe e ao corrente no pago do imposto de actividades económicas ou, en caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
- b) Estar ao corrente no pago das cotizacións da Seguridade Social.
- c) Estar ao corrente no pago das taxas municipais correspondentes.
- d) Dispor de autorización de residencia e traballo, en caso de nacionais de terceiros países.
- e) Contratar un seguro de responsabilidade civil con cobertura dos riscos da actividade comercial desempeñada.
- f) Dispor en caso de comercializar produtos alimenticios, dun carné de manipulador de alimentos

ARTIGO 8 PROCEDEMENTO DE AUTORIZACIÓN.

A solicitude e autorización poderá facerse en calquera momento do ano a partir da entrada en vigor de esta ordenanza, sendo o prazo de resolución do procedemento de 2 meses a contar dende o día seguinte da presentación das solicitudes, transcorrido o cal os interesados poderán entender desestimada a súa solicitude. En ningún caso o procedemento poderá esixir o deber de residencia no municipio como requisito de participación

ARTIGO 9 SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As persoas físicas ou xurídicas que vaian exercer a venda ambulante presentarán a súa solicitude conforme ao modelo previsto no Anexo I da presente ordenanza na que se achegue unha declaración responsable na que se manifieste o cumprimento dos requisitos previstos no art. 7 desta ordenanza.

No caso de que a ubicación solicitada interfira na circulación, poida provocar molestias aos usuarios da vía na que se instale, ou non garanta en todo caso a lei de accesibilidade da Comunidade autónoma de Galicia, será rexeitada propóndolle unha ubicación alternativa ao solicitante.

Unha vez concedida a autorización municipal o concello poderá exercitar as oportunas facultades de comprobación, control e inspección sobre o adxudicatario solicitando, entre outros, os seguinte documentos:

1. Documentos acreditativos da identidade e do solicitante.
2. Documentos acreditativos de estar dado de alta no réxime da Seguridade Social que corresponda.
3. Documento acreditativo de estar dado de alta no epígrafe fiscal do IAE correspondente.
4. Copias dos contratos de traballo que acrediten a relación laboral das persoas que vaian desenvolver a actividade en nome do titular, sexa esta persoa física ou xurídica. As sociedades cooperativas entregarán certificado de incorporación como socio traballador expedida polo Secretario da mesma ou persoa con poderes na entidade e copia do TC 1 e 2 do solicitante.
5. Xustificación de estar en posesión do carné de manipulador de alimentos (se é o caso), expedido pala Consellería competente, conforme á normativa vixente.
6. Documentación acreditativa da subscripción do seguro de responsabilidade civil, que cubra calquera clase de risco derivado do exercicio da actividade comercial.
7. Xustificación de ter a disposición do consumidor as correspondentes follas de reclamación.

ARTIGO 10 REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN

A autorización poderá ser revogada polo concello con motivo da comisión dalgunha das infraccións graves ou moi graves previstas na presente ordenanza.

ARTIGO 11 CONTIDO DA AUTORIZACIÓN

Nas autorizacións expedidas polo concello farase constar a seguinte información:

1. Identificación do titular e no seu caso da/s persoa/s autorizadas.
2. Modalidade do comercio ambulante para a que se habilita a autorización.
3. Localización precisa do posto.
4. Produto/s autorizado/s para o comercio.
5. Días e horas nos que se poderá levar a cabo a actividade comercial.
6. Prazo de duración da autorización.
7. No seu caso, condicións particulares ás que se suxeita o titular da actividade.

O concello entregará, unha identificación ao titular da autorización, que debe ter permanentemente exposta durante a realización da actividade e conter os datos anteriores para control por parte dos

servizos municipais, así como sinaladas as datas para as que se efectuou o abono das taxas de ocupación segundo a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial da Vía Pública con Postos, Barracas, Casetas de Vendas, Espectáculos, Atraccións ou Recreo, Industrias nas rúas e Ambulantes, así como rodaxes cinematográficas e actos ou actividades con fin cultural sen fin de lucro e gravacións con proveito comercial ou publicitario

Sen esta identificación non pode iniciarse a actividade e será motivo para que os servizos municipais poidan obrigar a levantar a instalación de venda sen dereito a ningún tipo de indemnización.

CAPÍTULO 3: RÉXIME DAS CONDICIÓNS HIXIÉNICOS SANITARIAS E DEFENSA DOS CONSUMIDORES

ARTIGO 13 VENDA DE PRODUTOS ALIMENTICIOS

Só permitirase a venda de produtos alimenticios cando se realice en mercadillos, ou nas outras modalidades de comercio ambulante que estean autorizadas, sempre que reúnan as condicións hixiénico-sanitarias previstas nas disposicións vixentes.

ARTIGO 14 FACTURAS E COMPROBANTES DA COMPRA DE PRODUTOS

O comerciante terá a disposición dos servizos de inspección as facturas e comprobantes acreditativos das mercancías e produtos obxecto de comercio ambulante.

ARTIGO 15 EXPOSICIÓN DE PREZOS

O comerciante terá exposto ao público, en lugar visible os prezos de venda das mercancías afertadas. Os prezos serán finais e completos, impostos incluídos.

ARTIGO 16 MEDICIÓN DOS PRODUTOS

Os postos que expendan produtos ao peso ou medida deberán dispor de cantos instrumentos sexan necesarios para a súa medición ou peso.

ARTIGO 17 GARANTÍA DOS PRODUTOS

Os produtos comercializados en réxime de venda ambulante deberán cumprir o establecido en materia de sanidade e hixiene, normalización e etiquetaxe.

A autoridade municipal, os inspectores de sanidade e de consumo, poderán comisar os produtos que non cumpriren tales condicións, podendo incoar, no seu caso o oportuno expediente sancionador. Poderase acordar a intervención cautelar dos produtos.

ARTIGO 18 XUSTIFICANTE DAS TRANSACCIÓNS

Será obrigatorio por parte do comerciante, proceder á entrega de factura, ticket ou recibo xustificativo da compra, sempre que así viñese demandado polo comprador.

ARTIGO 19 LIMPEZA

Os comerciantes, ao final de cada xornada deberán limpar de residuos e desperdicios os seus respectivos postos, a fin de evitar a sucidade do espazo público utilizado para o exercicio da actividade comercial ambulante. Os medios ou elementos de recollida serán facilitados polo concello.

**CAPÍTULO 4: RÉXIME DE FUNCIONAMENTO DAS MODALIDADES DE VENDA AMBULANTE
DO COMERCIO EN MERCADILLOS TRADICIONAIS***ARTIGO 20 DEFINICIÓN*

A modalidade de comercio en mercadillos periódicos ou ocasionais é aquela que se realiza mediante a agrupación de postos situados en chan cualificado como urbano, nos que se exerce o comercio polo miúdo de produtos con oferta comercial variada.

O concello poderá autorizar a celebración de mercadillos extraordinarios de comercio ambulante noutras localizacións, días e datas.

ARTIGO 21 CARACTERÍSTICAS DO MERCADILLO

O número de mercadillos, o seu emprazamento, número de postos, tamaño, composición e distribución será determinado polo concello de acordo coa normativa vixente.

O concello poderá acordar, por razóns de interese público e mediante acordo motivado, o traslado provisional do emprazamento habitual do mercadillo, previa comunicación ao titular da autorización, sen xerar en ningún caso indemnización nin dereito económico algún por razón do traslado.

En todo caso, a nova localización deberá reunir as condicións que a normativa vixente esixe para a celebración dos mercadillos periódicos, tanto en espazo, toma de luz e auga como condicións hixiénico-sanitarias.

ARTIGO 22 TIPOS DE VENDA

A venda efectuarase a través de postos desmontables ou camions-tenda debidamente acondicionados, que se instalarán nos lugares sinalados e reservados para ese efecto.

ARTIGO 24 LOCALIZACIÓN, DÍAS E HORAS DE CELEBRACIÓN

Os mercadillos do termo municipal celebraranse con carácter periódico, os seguintes días

- a) Feira de Bandeira (días 14 e 29 de cada mes);
- b) Feira de Silleda (días 6 e 23 de cada mes)

O horario de instalación e recollida e funcionamento será o seguinte:

- a) De instalación e recollida: de 8:00 horas a 15:00 horas.
- b) De funcionamento: de 9:00 horas a 14:00 horas.

O posto que non fose ocupado polo seu titular ao termo do período de instalación quedará vacante, non podendo ser ocupado por ningunha outra persoa allea ao mesmo.

O concello por razóns de interese público, mediante acordo motivado, poderá modificar a data e horario, previa comunicación ao titular da autorización.

O titular da autorización adquire a obriga de deixar libre, limpo e expedito o espazo ocupado ao remate do mercadillo

COMERCIO AMBULANTE AILLADO EN VIA PÚBLICA*ARTIGO 25 CONCEPTO*

Inc!úese baixo a presente modalidade o comercio ambulante realizado con ocupación da vía pública en postos non fixos de carácter illados xa sexa de xeito ocasional ou habitual.

ARTIGO 26 LOCALIZACIÓN, DATAS E HORARIO

Poderase desenvolver este comercio nos días de festa patronais, parroquiais, gastronómicas ou feiras nos tradicionais, nas que o Concello patrocine, organice ou simplemente colabore.

No se establece horario, quedando supeditado a venta ao horario da propia celebración.

ARTIGO 27 LIMITACIÓNS DE INSTALACIÓN

Só poderase autorizar a instalación de enclaves ou postos illados na vía pública, cando estes non dificulten o tráfico rodado ou a circulación de peóns ou xeren calquera outro risco para a seguridade cidadá.

Queda prohibida a instalación dos postos na saída de edificios públicos ou outros establecementos con afluencia masiva de público.

O titular solicitude adquire a obriga de deixar libre, limpo e expedito o espazo ocupado ao remate do festexo.

VENDA AMBULANTE EN CAMIÓN TENDA*ARTIGO 28 CONCEPTO E CARACTERÍSTICAS*

E o comercio ambulante que se desenvolve en vehículos con carácter itinerante e non sometido a días de feira ou festas.

Antes de iniciar a actividade deberán dispor de autorización municipal para a venta dos produtos, e aboar as taxas correspondentes a cada día que circulen polo termo municipal, debendo aclarar en todo caso que recorrido prevén que deberá ser autorizado polos servizos técnicos municipais.

Os vehículos utilizados para a venda ambulante en camións tenda deberán cumprir todos os requisitos da normativa vixente en materia de seguridade e permitirán o exercicio da actividade comercial en condicións de salubridade.

Se regula de maneira excepcional a venda ambulante en camións tenda tradicional, que unha vez obtida a autorización municipal, devengarán nunha soa cuota de actividade para todo o ano. A autorización como itinerante tradicional renovarase cada ano, devendo aboar a taxa o 1º de xaneiro, tendo como prazo máximo 30 días naturais para o seu abono. De non facerse efectivo perderase a condición e itinerante tradicional.

Se considera a venda ambulante en camións tenda, aqueles que acrediten que desenvolven a súa actividade de xeito constante ao longo de todo o ano no termo municipal. Deberán obter acreditación de a venda ambulante en camións tenda tradicional no Concello de Silleda para o que deberán presentar documentación que acredite a condición reseñada.

A venda ambulante en camións tenda poderá exercerse desde as 8:00 ata as 20:00 horas. Non poderán usarse sinais acústicas para captar a atención dos usuarios ata pasadas as 9:00 horas

CAPÍTULO 5: RÉXIME SANCIONADOR*ARTIGO 30 COMPETENCIAS*

Corresponde ao concello de Silleda a inspección e sanción das infraccións, previa instrucción do correspondente expediente, derivado do exercicio da actividade comercial ambulante segundo a presente Ordenanza. Cando se detecten infraccións de índole sanitaria, o concello dará conta inmediata á autoridade que corresponda.

ARTIGO 31 INFRACCIÓNS

As infraccións clasifícanse en:

1. INFRACCIÓNS LEVES:

- a) Incumprir o horario autorizado.
- b) O emprego de todo tipo de dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso ou distracción.
- c) Non ter exposta ao público, en lugar visible, a autorización municipal mercancías.
- d) Non exhibir os prezos de venda ao público das mercancías.
- e) Non ter a disposición dos servizos de inspección as facturas e comprobantes de compra dos produtos obxecto de comercio.
- f) Non ter a disposición dos consumidores e usuarios as follas de reclamación.
- g) Non proceder á limpeza do posto, unha vez finalizada a xornada.
- h) A venda de produtos distintos aos autorizados.
- i) Calquera outra sanción ou omisión que constitúa incumprimento dos preceptos desta ordenanza e que non estea tipificada como infracción grave ou moi grave.

2. INFRACCIÓNS GRAVES:

- a) Exercer a actividade sen autorización municipal.
- b) A instalación do posto en lugar non autorizado.
- c) Incumprir calquera das condicións impostas na autorización para o exercicio do comercio ambulante.
- d) O exercicio da actividade por persoa distinta da autorizada.
- e) Non estar ao corrente do pago das taxas municipais para a instalación do posto.
- f) Incumprimento das normas hixiénico-sanitarias.
- g) A negativa a fornecer información á autoridade municipal, funcionarios e axentes en cumprimento das súas funcións.

3. INFRACCIÓNS MOI GRAVES:

- a) A reincidencia en infraccións graves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano de máis dunha infracción grave, cando así sexa declarado por resolución firme.
- b) A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios e axentes.

ARTIGO 32 SANCIÓN S

1. As sancións aplicables serán as seguintes:

- a) Por infraccións leves, apercibimento ou multa de ata 300 euros.
- b) Por infraccións graves, multa de 300 a 1.000 euros.
- c) Por infraccións moi graves, multa de 1.000 a 3.000 euros.

2. As sancións se graduarán en función dos seguintes criterios:

- a) Volume de facturación ao que afecte
- b) Contía do beneficio obtido.
- c) Grao de intencionalidade.
- d) Prazo de tempo durante o que se veu cometendo a infracción.
- e) Natureza dos prexuizos causados.

3. Será compatible coa sanción o comiso da mercancía non autorizada, así como o comiso da mercancía falsificada, fraudulenta, ou non identificada que puidese entrañar risco para o consumidor.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións municipais opóñanse ou estean en contradición co establecido na presente ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP de Pontevedra.

SOLICITUDE E DECLARACIÓN RESPONSABLE VENDA AMBULANTE CONCELLO DE SILLEDA

SOLICITANTE _____

DNI/CIF _____

DOMICILIO _____

O abaixo asinante, declara que ao inicio da actividade de venda ambulante, para a que solicita autorización comprométese a estar en posesión da documentación que acredite o cumprimento de todos e cada un dos requisitos esixidos na lexislación vixente e comprométese a manter o cumprimento de estes requisitos durante toda a vixencia da autorización.

Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos:

PERSOAS FÍSICAS

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia para os cidadáns comunitarios ou tarxeta de residencia e permiso de traballo para os non comunitarios.
- Certificación de estar dado de alta no Imposto de Actividades Económica con indicación do epígrafe fiscal, nos casos que proceda, e declaración de alta no censo de obrigados tributarios.
- Fotocopia do documento de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e certificado que acredite atoparse ó corrente no pagamento das obrigas coa Seguridade Social.

PERSOAS XURÍDICAS

- Fotocopia do CIF/ Fotocopia da Acta de Constitución/ Fotocopia dos Estatutos
- Fotocopia da escritura de apoderamento outorgada a favor da persoa que asine a solicitud e en representación da sociedade.
- Fotocopia do documento de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e certificado que acredite atoparse ó corrente no pagamento das obrigas coa Seguridade Social.
- Certificación de estar dado de alta no Imposto de Actividades Económica con indicación do epígrafe fiscal, nos casos que proceda, e declaración de alta no censo de obrigados tributarios.
- Fotocopia do documento oficial de identidade da persoa que exerza a actividade.
- Copia do TC2 que acredite o pagamento das obrigas a Seguridade Social e no que conste o traballador que exerce a actividade.

Considerando reunir os requisitos que se precisan, que se acreditarán coa documentación cando sexa requirida, e con plena aceptación de tódolos termos expresados na Ordenanza Reguladora de venda Ambulante do Concello de Silleda, e dentro do prazo establecido.

SOLICITO:

AUTORIZACIÓN DE VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE SILLEDA

Silleda a, de de 201

ALCALDÍA CONCELLO DE SILLEDA

Silleda, a 1 de outubro de 2012.— A Alcaldesa, Paula Fernández Pena.

2012009293

A N U N C I O

Transcurrido o prazo de trinta días hábiles dende a publicación no B.O. da Provincia nº 153 de data 09 de agosto de 2012 do anuncio relativo a aprobación inicial da “Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial da Vía Pública con Postos, Barracas, Casetas de Vendas, Espectáculos, Atraccións ou Recreo, Industrias nas rúas e Ambulantes, así como rodaxes cinematográficas e eventos ou actividades con fin cultural e gravacións con proveito comercial ou publicitario”; e unha vez resoltas as alegacións presentadas polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 27 de setembro de 2012, procedéndose, de conformidade co determinado no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a súa publicación íntegra, que é do tener literal seguinte:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON POSTOS, BARRACAS, CASSETAS DE VENDAS, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓN S OU RECREO, INDUSTRIAS NAS RÚAS E AMBULANTES, ASÍ COMO RODAXES CINEMATOGRÁFICAS E EVENTOS OU ACTIVIDADES CON FIN CULTURAL E GRAVACIÓN S CON PROVEITO COMERCIAL OU PUBLICITARIO

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 57 e demais concordantes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por RD Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, este Concello establece a taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local mediante a instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, industrias nas rúas e ambulantes, así como rodaxes cinematográficas e eventos ou actividades con fin cultural e gravacións con proveito comercial ou publicitario, que se rexerá polas normas contidas para os efectos na citada lexislación; no atente a venda ambulante, pola Lei 13/2010, de 17 de Decembro de Comercio Interior de Galicia; así como, en xeral, pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 1. NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con ocasión da instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, industrias nas rúas e ambulantes, así como rodaxes cinematográficas e eventos ou actividades con fin cultural e gravacións con proveito comercial ou publicitario

Somentes poderán implantarse o longo do ao ano, postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, industrias nas rúas e ambulantes, nos seguintes días

1.1 DÍAS DE MERCADILLO PERIÓDICO (FEIRA TRADICIONAL)

Son días nos que se celebra con carácter periódico os mercadillos periódicos (feiras tradicionais) e corresponden ás seguintes datas:

- a) Feira de Bandeira (días 14 e 29 de cada mes);
- b) Feira de Silleda (días 6 e 23 de cada mes);
- c) Igualmente, mentres non se celebre a feira de Silleda, poderanse instalar postos os dous martes do mes mais próximos ao día 6 e ao día 23, exceptuándose neste casos os polbeiros con recoñecemento de " posto tradicional" que poderán instalarse nos lugares e días de costume.

1.2 DÍAS DE FESTAS OU EVENTOS ESPECIAIS

Corresponden a días e festa patronais, parroquiais, gastronómicas ou de calquera índole, nas que o Concello patrocine, organice ou simplemente colabore.

Excepcionalmente permitiranse a súa instalación para algún evento puntual, como os mercadillos sectoriais, eventos feirais ou actividades municipais, previa autorización municipal.